



INFORMACIÓN SOBRE AS PROBAS DE ACCESO

ACCESO ALUMNADO DE 2º a 6º DE GRAO PROFESIONAL

ORQUESTRA e BANDA (especialidades de Vento, Corda e Percusión)

Para os alumnos/as que queiran acceder a calquera dos cursos do Grao Profesional agás 1º, a proba das asignaturas de Orquestra e Banda consistirá na interpretación a primeira vista dun o varios fragmentos aportados polo tribunal correspondentes a obras de Orquestra e Banda axeitadas ó nivel para o curso ó que o alumno/a quere acceder.

CONXUNTO (todas as especialidades)

Para os alumnos/as que queiran acceder a 2º, 3º e 4º do Grao Profesional, a proba da asignatura de Conxunto consistirá na interpretación de dúas obras adecuadas ó nivel do curso coa agrupación que o alumno/a aporte por sí mesmo/a.

MÚSICA DE CÁMARA (todas as especialidades)

Para os alumnos/as que queiran acceder a 5º ou 6º do Grao Profesional, a proba da asignatura de Música de Cámara consistirá na interpretación de dúas obras adecuadas ó nivel do curso coa agrupación que o alumno/a aporte por sí mesmo/a.